

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 12 DE XUÑO DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día doce de xuño de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 5 de Xuño do dous mil seis (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

CUALIFICACIÓNS DEFINITIVAS

“Visto o expediente a nome de **Don Javier Vázquez Rosendo**, con domicilio na rúa San Martín nº 22, desta vila, relativo a subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa San Martín nº 22, desta vila, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación a certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Fomento por importe de 3.606,08 euros e da Consellería de Vivenda por importe de 3.606,08 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

“Visto o expediente a nome de **Dona Susana Carballal Graña**, con domicilio na rúa Oliveira nº 4, planta baixa, desta vila, relativo a subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa Oliveira nº 4, planta baixa, desta vila, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación a certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de

Fomento por importe de 3.606,08 euros e da Consellería de Vivenda por importe de 3.606,08 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

“Visto o expediente a nome de **Dona Susana Graña Cacheiro**, con domicilio na rúa Oliveira nº 4, 1º e baixo cuberta, desta vila, relativo a subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa Oliveira nº 4, 1º e baixo cuberta, desta vila, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación a certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Fomento por importe de 3.606,08 euros e da Consellería de Vivenda por importe de 3.606,08 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS

“Vista a solicitude de **don Jose Avelino González Reyes**, con domicilio en Rúa Tomas de Lemos nº 12.C/V Alcalde Meruendano, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude proponendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

CEMITERIOS.-

“Visto o escrito de Dona Rita Díaz González, con domicilio na rúa Portalaxe nº 4, Francelos, no que interesa o cambio de titularidade do Panteón nº 2, marxen dereito do cementerio municipal que ata agora estaba a nome do seu esposo Don José Rodríguez Rodríguez, a prol de Dona Rita Diaz González, Don Juan Carlos e Don José Delfín Rodríguez Díaz e que no sucesivo se lle xiren os recibos correspondentes o seu nome, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, tendo en conta a documentación obrante no expediente, acorda acceder ó solicitado, polo que a partir de presente data o devandito panteón xirará a nome de Dona Rita Díaz González, Don Juan Carlos e Don José Delfín Rodríguez Diaz, agora ben, este cambio de titularidade non suporá nunca dereito de propiedade de ningún tipo sobre a sepultura en cuestión”.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

-“De Aqualia, resultados do análise de auga para consumo público e resultados dos análise da E.D.A.R. de Francelos, correspondentes os meses de marzo e abril pasado.”

-“Da Mancomunidade de Concellos do Ribeiro, remisión de detalle individualizado de residuos depositados no punto limpo durante o mes de maio de 2006”.

-“Da Dirección Xeral de Administración Local, comunicando Resolución da Consellería de Presidencia, Admnsitración Pública e Xustiza en virtude da cál concedese o Concello de Ribadavia unha subvención para a contratación temporal de auxiliares de Policía Local durante a tempada de verán, por importe de 4.000 euros. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aceptar a devandita subvención e as condicións contidas na Orde de convocatoria.”

-“Do Instituto Nacional das Artes Escénicas e da Música, escrito de concesión de subvención por importe de 20.000 euros para a realización de festivais, mostras, feiras e outras actividades teatrais (Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia)”. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aceptar a devandita subvención e as condicións contidas na Orde de convocatoria.”

-“Da Tesourería Xeral da Seguridade Social, relativo o embargo de certificacións de obra a pagar por dito Concello a empresa Construccións P.F. Rios S.L.”.

-“Da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, Resolución concedendo o Concello de Ribadavia para os campamentos de verán o uso da instalación “A Devesa” (Ribadeo), número de prazas: 35; datas de utilización do 01-08-06 ó 15-08-06.”

-“Da Delegación Provincial da Vicepresidencia da Igualdade e Benestar, relativo o encontro previsto no marco do Programa Lecer para os nosos maiores a celebra en Carballiño o vindeiro 8 de xullo”.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN DOS PADRÓNS DO IBI.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación do Padrón do Imposto de Bens Inmóbles de natureza urbán correspondente o exercicio de 2006, por importe total de 523.126,36 euros. Asemade, a Xunta de Goberno Local, acorda, por unanimidade, establece-lo período voluntario de cobro do devandito Padrón entre o vindeiro 3 de Xullo e o 15 de Setembro de 2006, ámbolos dous inclusive.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación do Padrón do Imposto de Bens Inmóbles de natureza rústica correspondente o exercicio de 2006, por

importe total de 443,80 euros. Asemade, a Xunta de Goberno Local, acorda, por unanimidade, establece-lo período voluntario de cobro do devandito Padrón entre o vindeiro 3 de Xullo e o 15 de Setembro de 2006, ámbolos dous inclusive.”

CERTIFICACIÓN N°2 DA OBRA DENOMINADA MELLORA DE ACCESIBILIDADE NA RUA BANDA LIRA. CASCO HISTORICO DE RIBADAVIA.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación a certificación número 2 da obra denominada “Mellora de accesibilidade na rúa Banda Lira. Casco Histórico de Ribadavia”, por un importe total de 84.844,01 euros; o aboamento farase con cargo ás aportacións seguintes: Feder, 42.165,44 euros; Imsero, 7.227,37 euros; Fundación Once, 4.215,96 euros; Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte, 24.610,15 euros e Concello, 6.625,09 euros.”

PETICION DE SUBVENCIONS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acollerse a Orde do 2 de maio de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas e subvencións para a realización de obras de construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións deportivas. Asi mesmo a Xunta de Goberno Local, presta aprobación a memoria valorada suscrita por Don Elias Pato Rodríguez, Aparellador Municipal e acepta as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta Orde.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acollerse a Orde do 2 de maio de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas e subvencións para a realización de obras de construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións deportivas. Asi mesmo a Xunta de Goberno Local, presta aprobación o programa de adquisición previsto e acepta as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta Orde.

APROBACION DE FACTURA.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a factura da empresa Congalle S.L., relativa o Servizo de recollida de Residuos Sólidos Urbanos (R.S.U.), correspondente o mes de abril 2006, por importe de 7.291 euros.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

